

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES PARA A PRÁCTICA E O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA EN IDADE ESCOLAR

1. Antecedentes.
2. Finalidade.
3. Obxecto do convenio.
4. Financiamento.
5. Xustificación
6. Evolución do gasto respecto a anos anteriores
7. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
8. Territorialización e desagregación do gasto distribuído por provincias
9. Anexo. Baremación.

1. Antecedentes.

Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

En desenvolvemento desta previsión estatutaria o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, norma que contempla entre as competencias da Administración Autonómica a de “*promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar*” - art. 5.1.n)-, ámbito deportivo este que se especifica no art. 24 da norma onde, entre outras previsións, se contempla que a “*Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e coas demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos. (...)*”.



No exercicio destas previsións, a Administración Autonómica leva a cabo o programa XOGADE –Xogos Deportivos Galegos en Idade Escolar-, programa que se executa entre os meses de setembro a xuño de cada ano en colaboración coas federacións deportivas e as agrupacións deportivas escolares de Galicia.

O deseño do programa combina o carácter competitivo (tanto escolar como federado) cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de Galicia, apostando por un modelo orientado á participación e achegamento ás distintas modalidades deportivas, axustándose desta forma á concepción do deporte e da actividade física promulgada dende o Consello de Europa a través da Carta Europea do Deporte.

Este carácter do programa facilita a consecución do seu obxectivo principal – obxectivo tamén esencial no conxunto da política deportiva autonómica-, que non é outro que o da promoción da saúde, da condición física e do benestar a través da práctica deportiva e da actividade física, procurando os medios para que todos os escolares galegos poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.

Para o desenvolvemento do programa, e xunto as accións levadas a cabo polas federacións deportivas e as medidas directamente asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte -como son a facilitación do transporte e do seguro deportivo para todos os deportistas federados de 6 a 16 anos- as agrupacións deportivas escolares son as responsables das actuacións que, no ámbito de XOGADE, se desenvolven na súa zona territorial de acción.

As agrupacións deportivas escolares contémpanse na Lei 3/2012 como *“as asociacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, se dedican exclusivamente á práctica deportiva en idade escolar”* (art. 49), existindo na Comunidade Autónoma un total de 32 que se distribúen entre as comarcas e concellos de Galicia, segundo consta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, cada unha delas coa súa zona xeográfica de actuación definida.

2. Finalidade e xustificación da ausencia de concorrencia pública en base ao interese público.



Coa finalidade de contribuír ó acceso dos/as escolares á práctica da actividade deportiva, faise necesaria a formalización de 32 convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cada unha das 32 agrupacións deportivas escolares galegas recoñecidas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia da Secretaría Xeral para o Deporte, relacionadas no Anexo I que se acompaña, na súa condición de axentes colaboradores da nosa comunidade autónoma para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE no exercicio 2025.

Conforme se detalla no anexo I, cada Agrupación Deportiva Escolar conta cun área xeográfica de actuación, non existindo solapamentos de concellos entre distintas Agrupacións Deportivas Escolares.

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a favorecer e optimizar todas as actuacións que se desenvolvan co obxecto de promover a práctica deportiva e da actividade física no ámbito do deporte escolar, e por ende nos ámbitos educativo, formativo, de cohesión social e de saúde pública, o que, sen dúbida, adquire especial relevancia nas idades máis temperás, en consonancia co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, que outorga ao deporte tal carácter no seu art. 2.2.

Por todo o exposto, considérase de interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrência pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

3. Obxecto do Convenio.

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as Agrupacións Deportivas Escolares para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:



- Organización e desenvolvemento de probas deportivas.
- Organización e desenvolvemento de xornadas lúdicas-deportivas.
- Organización e desenvolvemento de competicións, concentracións deportivas.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

4. Financiamento.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará as accións do presente convenio cun total de 185.000 € con cargo á partida orzamentaria 05.02.441A.481.0, código de proxecto 2014 00066, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. O financiamento por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que se recolle como Anexo I a esta memoria, das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outras Administracións Públicas, organismos ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

5. Xustificación.

- a) Conta xustificativa simplificada.

O artigo 51 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, prevé que para os efectos do disposto no apartado 2º do artigo 28 da Lei de subvencións de Galicia, para subvencións concedidas por importe inferior a 30.000 euros, poderá ter carácter de documento con validez xurídica para a xustificación da subvención a conta xustificativa regulada nese artigo, sempre que así se preveise nas bases reguladoras da subvención. Esta condición é aplicable aos convenios de colaboración coas 32 Agrupacións deportivas escolares, en tanto que ningún deles excede da citada contía.

Con todo, a Secretaría Xeral para o Deporte comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe, os xustificantes que considere oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención; para este fin poderá requirirle ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.



- b) Xustificantes de recepción do proveedor como medio de acreditación do gasto e do pagamento para importes inferiores a 1.000 €.

No convenio contemplase, de conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros. Neste senso posibilitase o pagamento, así como a correspondente xustificación, de gastos tales como gratificacións a persoal voluntario ou colaborador sen relación contractual que se xustificarán mediante recibís nos que se fará constar o carácter das mesmas, así como as dietas que se xustificarán mediante a presentación dunha folla de liquidación, gastos menores para o desenvolvemento da práctica deportiva, etc. Esta previsión trae causa e motivación da tipoloxía de actuacións, da necesidade da contratación de servizos menores, á diversa tipoloxía dos axentes e entidades colaboradoras e á diversidade dos gastos varios e de escasa contía asociados á organización destas actividades deportivas, polo que se posibilita e flexibiliza a xustificación do pago a través dos correspondentes recibís.

6. **Evolución do gasto respecto a anos anteriores** (apartado c) da INSTRUCCIÓN Nº 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto das mesmas- Gastos recorrentes)

PROVINCIA	AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR	SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO 2023	SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO 2024	PROPOSTA SUBVENCIÓN NO 2025	%VARIACIÓN RESPECTO ANO 2024
A CORUÑA	CORUÑA	10.574,00 €	9.930,00 €	11.019,00 €	10,97 %
A CORUÑA	EL CASTILLO	9.767,00 €	8.767,00 €	9.000,00 €	2,66 %
A CORUÑA	ESCOLARIX	4.762,00 €	4.262,00 €	4.500,00 €	5,58 %
A CORUÑA	LA PARRA	7.830,00 €	6.830,00 €	7.000,00 €	2,49 %
A CORUÑA	LAS RÍAS	15.578,00 €	15.577,19 €	20.000,00 €	28,39 %
LUGO	A MARIÑA	6.215,00 €	5.820,90 €	7.000,00 €	20,26 %
LUGO	DA MONTAÑA	3.309,00 €	3.099,59 €	3.300,00 €	6,47 %
LUGO	LUCUS	6.135,00 €	5.744,70 €	6.500,00 €	13,15 %
LUGO	RIO CABE	4.601,00 €	4.307,84 €	4.484,00 €	4,09 %
LUGO	SURLUGO	3.794,00 €	3.554,04 €	3.750,00 €	5,51 %





LUGO	TERRA CHA	5.004,00 €	4.686,11 €	5.870,00 €	25,26 %
OURENSE	A LIMIA	3.874,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	0,00 %
OURENSE	ALTA LIMIA	3.552,00 €	3.310,00 €	3.700,00 €	11,78 %
OURENSE	ARENTEIRO	4.197,00 €	3.867,00 €	4.200,00 €	8,61 %
OURENSE	LAS BURGAS	5.731,00 €	5.000,79 €	5.500,00 €	9,98 %
OURENSE	MONTERREI	3.471,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	0,00 %
OURENSE	O RIBEIRO	3.552,00 €	3.300,00 €	3.900,00 €	18,18 %
OURENSE	SAN ROSENDO	3.713,00 €	3.300,00 €	3.491,00 €	5,79 %
OURENSE	VALDEORRAS	4.601,00 €	4.040,00 €	4.200,00 €	3,96 %
PONTEVEDRA	14	8.798,00 €	7.000,00 €	8.000,00 €	14,29 %
PONTEVEDRA	A ESTRADA	3.390,00 €	3.500,00 €	4.500,00 €	28,57 %
PONTEVEDRA	ADESPONT	6.054,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	0,00 %
PONTEVEDRA	AREAS GORDAS	5.973,00 €	5.400,00 €	5.500,00 €	1,85 %
PONTEVEDRA	BAIXO MIÑO	7.668,00 €	7.400,00 €	7.500,00 €	1,35 %
PONTEVEDRA	CONDADO PARADANTA	5.973,00 €	5.500,00 €	6.000,00 €	9,09 %
PONTEVEDRA	O PINO	2.502,00 €	2.500,00 €	3.000,00 €	20,00 %
PONTEVEDRA	TERRA DE MONTES	5.004,00 €	3.500,00 €	3.000,00 €	-14,29 %
PONTEVEDRA	ULLA UMIA	4.117,00 €	3.000,00 €	4.000,00 €	33,33 %
PONTEVEDRA	VAL DO SALNÉS	6.942,00 €	6.800,00 €	6.086,00 €	-10,50 %
PONTEVEDRA	VAL MIÑOR	5.973,00 €	5.500,00 €	6.000,00 €	9,09 %
PONTEVEDRA	XOGA DXT ESCOLAR EN VIGO	7.345,00 €	7.943,44 €	8.500,00 €	7,01 %
PONTEVEDRA	CREARCANE			3.500,00 €	De nova creación
	GASTO TOTAL COMPROMETIDO	179.999,00 €	165.440,60 €	185.000,00 €	
	%VARIACIÓN INTERANUAL		-8,09%	11,82%	
	XUSTIFICADO E GASTADO	176.926,44€	162.906,33 €		

En función do escenario orzamentario previsto no proxecto de orzamentos para o ano 2025 na aplicación financiadora 05.02.441A.481.0, no código de proxecto 2014 00066, e da dispoñibilidade de máis crédito, aplicouse un incremento dun 11,82 % no importe global destinado ao fomento e promoción do programa de deporte escolar, dimensionándose a distribución das axudas a un orzamento de 185.000 €. En liñas xerais aplicouse un criterio de



mantemento na continuidade das axudas, con leves variacións en función dos criterios de baremación aplicados que figuran no anexo II, das propostas de actividades presentadas en cada caso e da % de execución da subvención concedida na anualidade anterior.

7. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose cos seus:

- EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO
- PA 1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
- OE 1.4.7 Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva. Procura das condicións máis adecuadas que coaduxen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.
- OO06 Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2014 00066 “Transferencias a entidades, federacións e técnicos deportivos”, é o PO0210- Nº de proxectos deportivos subvencionados, PO076C-Entidades dep. Beneficiadas, P1009H-Nº licencias federativas homes, e o P1009M-Nº licencias federat. Mulleres, cuns valores previstos de:

PO0210- Nº de proxectos deportivos subvencionados	70
PO076C – Entidades dep. Beneficiadas	1.400
P1009H – N.º licenzas federativas homes	215.000
P1009M – Nº licenzas federat. Mulleres	80.000

Estímase que, a través destes convenios, acadarase os seguintes valores de realización:

PO0210- Nº de proxectos deportivos subvencionados	32
---	----



PO076C – Entidades dep. Beneficiadas	32
P1009H – N.º licenzas federativas homes	76.912
P1009M – Nº licenzas federat. Mulleres	31.096

8. Territorialización de desagregación do gasto distribuído por provincias.

Provincia	Porcentaxe	Desagregación do gasto por provincias
A Coruña	27,85	51.519 €
Lugo	16,70	30.904 €
Ourense	16,75	30.991 €
Pontevedra	38,70	71.586 €
Total	100	185.000 €

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte
José Ramón Lete Lasa
(documento asinado dixitalmente)





ANEXO I
CONVENIOS DE COLABORACIÓN A ASINAR ENTRE A CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS
ESCOLARES PARA O ANO 2025.

Provincia	Entidade	Importe 2025	Concellos
A CORUÑA	ADE CORUÑA	11.019,00 €	A Coruña, A Laracha, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Coristanco, Culleredo, Laxe, Malpica de Bergantiños, Oleiros, Oza-Cesuras, Ponteceso e Sada.
	EL CASTILLO	9.000,00 €	A Capela, Aranga, Ares, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Betanzos, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Coirós, Curtis, Fene, Ferrol, Irixoa, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugarzos, Narón, Neda, Ortigueira, Oza-Cesuras (parte), Paderne, Pontedeume, San Sadurniño, Sobrado, Valdovíño, Vilarmar e Vilasantar
	ESCOLARIX	4.500,00 €	A Pobra do Caramiñal, Ames (parte), Boiro, Brión, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco (parte), Dodro, Dumbría, Fisterra, Lousame, Mazaricos, Muros, Muxía, Noia, Outes, Padrón, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois e Vimianzo.
	LA PARRA	7.000,00 €	A Baña, Negreira, Santa Comba, Tordoia, Trazo, Val do Dubra e Zas.
	LAS RÍAS	20.000,00 €	Ames, Aranga (parte), Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Cerceda, Curtis (parte), Frades, Melide, Mesía, O Pino, Ordes, Oroso, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Touro, Trazo, Vedra, Vilasantar.
	LUGO	A MARIÑA	7.000,00 €
DA MONTAÑA		3.300,00 €	Lugo
LUCUS		6.500,00 €	A Fonsagrada, As Nogais, Baleira, Baralla, Becerreá, Castroverde, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Corgo, O Incio, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín e Triacastela.
RIO CABE		4.484,00 €	Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Friol, Guntín, Monterroso, O Páramo, Palas de Rei, Paradela, Portomarín e Taboada.
SURLUGO		3.750,00 €	A Pastoriza, A Pontenova, Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Mondoñedo, Muras, Outeiro de Rei, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade.
TERRA CHA		5.870,00 €	A Pobra do Brollón, Bóveda, Lámara, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos, Sarria e Sober.
OURENSE	A LIMIA	3.000,00 €	A Peroxa, Amoeiro, Beariz, Boborás, Cea, Coles, Maside, O Carballiño, O Irixo, Piñor, Punxín, San Amaro e Vilamarín.
	ALTA LIMIA	3.700,00 €	A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.
	ARENTEIRO	4.200,00 €	Ourense e San Cibrao das Viñas.
	LAS BURGAS	5.500,00 €	A Bola, A Merca, Bande, Barbadás, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomeasende, Lobeira, Lobios, Muíños,





			Padrenda, Pontedevea, Quintela de Leirado, Ramirás, Toen e Vereá.
	MONTERREI	3.000,00 €	A Teixeira, Allariz, Baños de Molgas, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Esgos, Maceda, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Parada do Sil, Pereiro de Aguiar, Taboadela, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo.
	O RIBEIRO	3.900,00 €	Baltar, Calvos de Randín, Cualedro, Os Blancos, Porqueira, Rairíz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.
	SAN ROSENDO	3.491,00 €	A Gudiña, A Mezquita, Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Viana do Bolo e Vilarinho de Conso.
	VALDEORRAS	4.200,00 €	A Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Manzaneda, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Pobra de Trives, Rubiá, San Xoan de Río e Vilamartín de Valdeorras.
PONTEVEDRA	14	8.000,00 €	O Rosal, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui.
	A ESTRADA	4.500,00 €	Bueu, Cangas e Moaña
	ADESPONT	6.000,00 €	A Estrada, Cuntis e Moraña
	AREAS GORDAS	5.500,00 €	Barro, Marín, Poio e Pontevedra
	BAIXO MIÑO	7.500,00 €	Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño.
	CONDADO PARADANTA	6.000,00 €	A Lama, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Fornelos de Montes e Pontecaldelas.
	O PINO	3.000,00 €	Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.
	TERRA DE MONTES	3.000,00 €	Caldas de Reis, Catoira, Pontecesures, Portas, Valga e Vilagarcía de Arousa.
	ULLA UMIA	4.000,00 €	Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e Vilanova de Arousa.
	VAL DO SALNÉS	6.860,00 €	A Guarda, Baiona, Gondomar, Nigrán e Oia.
	VAL MIÑOR	6.000,00 €	Mos, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior e Vilaboá.
	XOGA DXT ESCOLAR EN VIGO	8.500,00 €	Vigo
	CREARCANE	3.500,00 €	Crecente, A Cañiza, Arbo e As Neves



ANEXO II

Baremación - ADE

CRITERIOS	Nº Modalidades	Ptos.	Nº Equipos	Ptos.	Nº Participantes	Ptos.	Nº entidades	Ptos.	Nº actividades
	1 pto. por modalidade		más de 1000	30	más de 5000	20	más de 100	40	1 pto. por actividade
			entre 500 a 1000	20	entre 4000 a 5000	15	de 80 a 100	12	
			menos de 500	10	entre 2000 a 4000	10	de 60 a 80	10	
					menos de 2000	5	menos de 60	5	

Total puntos	2270
Crédito	185000
Valor punto	81,5

Entidade	NIF	Provincia	Nº de modalidades	P.A	Nº de equipos	P.B	Nº total de participantes (todas as modalidades)	P.C	Nº de entidades participantes	P.D	Nº actividades deportivas realizadas XOGADE	P.E	Tot.P	Proposta
ADE CORUÑA	G67862318	A Coruña	17	17	1139	30	7940	20	120	40	28	28	135	11.019,00 €
EL CASTILLO	G15117740	A Coruña	14	14	608	20	4152	15	101	40	21	21	110	9.000,00 €
ESCOLARIX	G70153580	A Coruña	13	13	168	10	4944	15	19	5	12	12	55	4.500,00 €
LA PARRA	G15117732	A Coruña	15	15	793	20	5338	20	79	10	21	21	86	7.000,00 €
LAS RÍAS	G15117724	A Coruña	46	46	1147	30	5100	20	110	40	109	109	245	20.000,00 €
A MARIÑA	G27034446	Lugo	22	22	61	10	2125	10	30	5	39	39	86	7.000,00 €
DA MONTAÑA	G27444389	Lugo	7	7	144	10	1286	5	15	5	13	13	40	3.300,00 €
LUCUS	G27034347	Lugo	21	21	83	10	793	5	62	10	34	34	80	6.500,00 €
RIO CABE	G27034339	Lugo	12	12	268	10	1756	5	28	5	23	23	55	4.484,00 €
SURLUGO	G27394345	Lugo	11	11	285	10	1801	5	34	5	15	15	46	3.750,00 €
TERRA CHA	G27034321	Lugo	21	21	117	10	848	5	21	5	31	31	72	5.870,00 €
A LIMIA	G32106650	Ourense	9	9	157	10	629	5	11	5	8	8	37	3.000,00 €
ALTA LIMIA	G32142507	Ourense	10	10	155	10	661	5	9	5	15	15	45	3.700,00 €
ARENTEIRO	G32251860	Ourense	12	12	178	10	1641	5	27	5	20	20	52	4.200,00 €
LAS BURGAS	G32033433	Ourense	22	22	178	10	741	5	62	10	20	20	67	5.500,00 €
MONTERREI	G32028003	Ourense	8	8	124	10	547	5	13	5	9	9	37	3.000,00 €
O RIBEIRO	G32142838	Ourense	10	10	127	10	314	5	9	5	18	18	48	3.900,00 €

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
 Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
 881 996360

direccion-plans-programas.pr@xunta.gal



SAN ROSENDO	G32029852	Ourense	10	10	134	10	813	5	20	5	13	13	43	3.491,00 €
VALDEORRAS	G32103954	Ourense	15	15	155	10	555	5	10	5	17	17	52	4.200,00 €
14	G27786169	Pontevedra	29	29	563	20	5431	20	86	12	17	17	98	8.000,00 €
A ESTRADA	G36045599	Pontevedra	10	10	237	10	1993	5	16	5	25	25	55	4.500,00 €
ADESPONT	G10717726	Pontevedra	20	20	320	10	4200	15	45	5	24	24	74	6.000,00 €
AREAS GORDAS	G36179869	Pontevedra	15	15	208	10	1994	5	52	10	27	27	67	5.500,00 €
BAIXO MIÑO	G36045045	Pontevedra	30	30	202	10	2674	10	55	10	32	32	92	7.500,00 €
CONDADO PARADANTA	G94035870	Pontevedra	23	23	197	10	2367	10	68	10	21	21	74	6.000,00 €
O PINO	G36166619	Pontevedra	6	6	341	10	1818	5	20	5	11	11	37	3.000,00 €
TERRA DE MONTES	G36198570	Pontevedra	7	7	243	10	1995	5	21	5	10	10	37	3.000,00 €
ULLA UMIA	G94144771	Pontevedra	11	11	303	10	1910	5	23	5	18	18	49	4.000,00 €
VAL DO SALNÉS	G36044659	Pontevedra	27	27	245	10	1927	5	22	5	28	28	75	6.086,00 €
VAL MIÑOR	G36683985	Pontevedra	20	20	664	10	2115	10	32	5	29	29	74	6.000,00 €
XOGA DXT ESCOLAR EN VIGO	G27864339	Pontevedra	24	24	434	10	3869	10	83	12	48	48	104	8.500,00 €
CREARCANE	G75387241	Pontevedra	12	12	210	10	1850	5	25	5	11	11	43	3.500,00 €
														185.000,00 €

